

IES POLITECNICO de VIGO



XUNTA DE GALICIA




UNION EUROPEA
Fondo Social Europeo

Torrecedeira 88 tlf 986 213025 36208 Vigo

PROGRAMA DE ALUMNADO AXUDANTE

IES POLITÉCNICO DE VIGO

Equipo Convivencia e Igualdade



ÍNDICE

1.XUSTIFICACIÓN

2.DESCRICIÓN DO PROGRAMA DE ALUMNADO AXUDANTE.

3.OBXECTIVOS DO PROGRAMA

4.PERFIL DO ALUMNADO AXUDANTE

5.FUNCIÓNS DO ALUMNADO AXUDANTE

6 .BENEFICIOS PARA O ALUMNADO AXUDANTE

7.SELECCIÓN DO ALUMNADO AXUDANTE

8. PLAN DE FORMACIÓN DO ALUMNADO AXUDANTE

9.CONDICIÓN PARA A POSTA EN PRÁCTICA DO PROGRAMA


10. PROPOSTA DE ACTUACIÓN

11. ORGANIZACIÓN: EQUIPO,COORDINADORES,ESPACIOS

12.EVALUACIÓN

13.BIBLIOGRAFÍA

14.ANEXOS



1.Xustificación

Actualmente, os centros escolares están sometidos a un constante replanteamento das súas liñas pedagóxicas e de convivencia co fin de adaptarse a un entorno en constante cambio.


Os plans de convivencia meramente punitivos quedan cortos para fomentar un sentimento de pertenza á comunidade educativa que implique un compromiso real co seu futuro.

Así, este proxecto nace coa intención de sentar as bases dun cambio global na visión da convivencia no IES Politécnico de Vigo, onde tódolos e cada un dos membros son importantes e fundamentais.

Esperamos que o programa de alumnado axudante se converta nunha nova liña de traballo que sustente o proxecto educativo do noso centro.

É sabido que os problemas de convivencia son o día a día das nosas aulas. Como en tódolos centros, sexa nas aulas ou no patio, ocorren conflitos ou danse casos de rapaces e rapazas que teñen problemas de relación e integración. Por este motivo, os nosos docentes e departamento de orientación, como profesionais, non podemos deixar de lado este contido e por iso o traballaremos de forma máis explícita a través deste programa.

O modelo de alumnado axudante permítenos utilizar estratexias de axuda entre iguais, conseguindo mellorar o clima do centro, o desenvolvemento persoal e social dos axudantes e dos axudados e, como consecuencia, unha maior dispoñibilidade para a aprendizaxe.




2. Descripción do programa de alumnado axudante:

A figura do alumnado axudante basease no proceso natural de responsabilidade cara os demais, e o desenvolvemento da empatía e o apoio emocional que o alumnado mostra naturalmente nas súas interaccións cotiás.

O modelo de axuda entre iguais trata de crear un grupo de alumnado que, tras recibir una formación en técnicas de comunicación, desenvolvemento da empatía e traballo en equipo, axude aos compañeiros e compañeiras con dificultades de relación.

Este sistema constrúese a partir dos grupos clase, introducindo o papel do “alumnado axudante” dentro da organización da aula, a quen se lles asigna unha serie de tarefas específicas de forma cotiá. A diferenza do delegado de curso, esta figura non está regulamentada polos Regulamentos Orgánicos do Centro e non actúa como representante oficial do grupo, as súas intervencións son actos estritamente voluntarios cuxo propósito é a mellora na calidade das relacións. As actuacións do alumnado axudante non se centran na defensa de intereses nin na mediación de conflitos, senón no acompañamento daqueles que o precisen.



3. Obxectivos do Programa

Obxectivo xeral:

Reforzar o modelo de cultura da paz propio da nosa comunidade educativa.

Obxectivos específicos:

Favorecer e guiar a participación directa do alumnado na prevención e resolución de conflitos.

Aumentar de forma significativa as ferramentas emocionais do alumnado, incrementando así a súa motivación cara a aprendizaxe.


Crear e desenvolver un espazo específico con identidade propia e especializado en convivencia.

4. Perfil do alumnado axudante:

É una persoa que da confianza, que lle gusta escoitar e intentar axudar os seus compañeiros e compañeiras, coñece os recursos do centro para resolver problemas importantes, informa da existencia de conflitos e deriva os problemas que exceden a súa competencia.

Este perfil concretase nas seguintes características:


- Inspira confianza.
- Escoita e responde.
- Observa e actúa.
- Traballa en equipo.
- Ponse no lugar dos demais.



- Relaciónase cos demais de forma positiva.
- É imparcial, non xulga e é discreto.
- Axuda a reflexionar.

5. Funcións do alumnado axudante

- **Observan** o que sucede o seu arredor para detectar posibles situación de conflito.
- **Actúan e axudan** aos seus compañeiros e compañeiras cando teñen un conflito ou precisan que alguén lles escoite ou lles preste atención.
- **Participan** no equipo de alumnado axudante.
- **Sensibilizan** a outros compañeiros e compañeiras sobre a existencia deste programa.
- **Propoñen** actividades para a mellora da convivencia no centro.
- **Acollen e acompañan** ao novo alumnado no grupoclase.
- **Colaboran** co titor, informándolle das situación que afectan ao clima de convivencia na aula.



6. Beneficios para o alumnado axudante:

- Desenvolven habilidades comunicativas, empatía e traballo en equipo
- Séntense identificados cun equipo de alumnado con fins e metas compartidas.
- Incrementan a súa autoestima ao percibir a valoración de destrezas que habitualmente escapan á avaliación académica.
- Relaciónanse con alumnado de distintos cursos, afianzando a percepción de seguridade e pertenza ao centro


7. Selección do alumnado axudante:

No curso 2019-2020 fíxose a selección do alumnado axudante, despois dunha charla informativa e dinámica para o alumnado de 1º da ESO, pedíronse voluntarios/as e déuselles formación para o desenvolvemento do seu rol como alumnado axudante a 10 alumnos e alumnas de este curso, esta formación foi impartida por Alicce.

Para realizar esta selección fíxeronse unha serie de dinámicas que ponen en xogo as habilidades de comunicación sobre emocións e conceptos, e tamén dotes de liderazgo.

DINÁMICA “O SEGREDO”

A mediadora de Alicce utiliza esta dinámica para motivar ao grupo clase sobre a importancia da convivencia e os beneficios de contar con axuda cando se ten un problema.



As cuestións plantexadas ao grupo son as seguintes: É importante contar con alguén cando necesitas axuda? As veces non queremos pedir axuda aos demais, Por que? É mellor calarse un problema ou solicitar axuda? Poden axudarse en algo unhas alumnas e alumnos a outros?

Se lles comenta que este curso vaise crear un grupo de alumnos e alumnas que formarán parte do equipo de convivencia do centro coa función de axudar as compañeiras e compañeiros que por algunha razón o estean pasando mal.

Convén aclarar que este alumnado NON son POLICÍAS NIN CHIVATOS.

A continuación se realiza a dinámica “ O segredo” . Tras la sesión se lles invita e anima a entrar no programa de Alumnado Axudante, deixandolle claro en todo momento que é voluntario. Se están conformes falaráse coas familias nunha charla presentación do Programa e estas darán o consentimento para a formación do alumnado axudante.

Posteriormente nunha sesión de titoría se lle comunica a todo o grupo o nome dos elexidos e ao resto da comunidade educativa.

8. Plan de formación do alumnado axudante

A través do Contrato Programa na liña da convivencia se contacta con Alicce para que o alumnado reciba unha formación especializada en habilidades de comunicación e cultura de paz.


Esta formación se realiza en horario extraescolar en el instituto Politécnico de Vigo.

O Plan de Formación consiste nunha serie de dinámicas que favorezan a cohesión do grupo nun ambiente de distensión.

Dinámicas para traballar a empatía, a comunicación e o traballo en equipo.

Teoría sobre conflitos


Supostos prácticos



9. Condicións para a posta en marcha do Programa

Para establecer o punto de partida do Programa , realizamos un análisis DAFO, co seguinte resultado:

Debilidades	Ameazas
Falta de tempo Desmotivación do profesorado Alumnado con imaxen de “chivatos” Medo a sanción Debilidades do propio equipo	Falta de apoio das familias Relación social do alumnado fóra do instituto. Contexto social e económico Novas tecnoloxías
Fortalezas	Oportunidades
Gañas e motivación Esforzo e tempo adicado Apoio do equipo directivo Apoio do equipo docente Apoio das familias Alumnado satisfeito coa formación en “axuda entre iguais” Alumnado que quere formar parte. Maior sentido do equipo. Potenciar e comunicar o observado.	Red de traballo con todos os equipos Apoio das familias Coñecer outros equipos de axuda entre iguais e mediación.



10. PROPOSTA DE ACTUACIÓN

PRIMEIRA FASE 2019-2020

Nesta primeira fase levouse a cabo a selección do alumnado axudante durante o primeiro trimestre e a formación deste alumnado durante o segundo trimestre.

Por motivo do COVID 19 non se poido realizar ningunha actividade durante o terceiro trimestre coa suspensión das clases.

SEGUNDA FASE 2020-2021

Elaboración do Programa Axuda entre Iguais no mes de setembro.

Primeiro trimestre:

Unha reunión semanal de coordinación do equipo de convivencia e alumnado axudante.

Defusión e sensibilización ao alumnado do centro e proposta de concurso de carteles (última semana de outubro).

Defusión e sensibilización ás familias: Consello Escolar e Reunión de titores.

Selección alumnado novo para o equipo de convivencia.


Resolución do Concurso de Carteles e presentación do equipo de alumnado axudante.

Segundo trimestre:

Sesións quincenais de coordinación do equipo de convivencia e axuda entre iguais.

Formación de alumnado novo para o equipo de axuda entre iguais impartido por Alicce

Avaliación intermedia do programa de alumnado axudante. Información ao equipo directivo, CCP, equipo docente, alumnado e familias.



Terceiro trimestre:

Sesións quincenais de coordinación do equipo de convivencia e axuda entre iguais.

Valoración Programa e Cuestionario de alumnas e alumnos, xornada de despedida.

Valoración do programa e realización Memoria Contrato Programa.

11. Organización : Equipo, Coordinacións, Espacios

Realizaranse reunións periódicas para coordinar o traballo en equipo e ver en que condicións se atopa a convivencia nas aulas.


As reunións do equipo convivencia e axuda entre iguais realízase de maneira semanal durante o primeiro trimestre e quincenal a partir do segundo, nun espazo todavía por determinar a causa da excepcionalidade deste curso polo COVID 19.

O equipo de convivencia terá tamén reunións co equipo directivo coa finalidade de informar a evolución do programa, dos protocolos de actuación e cambios producidos no clima de convivencia no centro.

O equipo directivo informará ao consello escolar e comisión de convivencia da implantación deste programa.

Unha vez formado o equipo de axuda entre iguais celebrarase un concurso de carteles e logotipo para buscar a imaxe que reflexe o espírito do equipo e permita a súa difusión e recoñecemento inmediato. O cartel gañador será colocado nos pasillos do centro.

A partir das primeira reunión tomaranse decisións sobre transmisión de información a través da web do instituto para sensibilizar ás familias do funcionamento e progresos do programa de convivencia de alumnado axudante.



A través dos buzones instalados nos pasillos do centro se permitirá á comunidade educativa a entrega de mensaxes de xeito anónimo con suxerencias para a mellora da convivencia no centro e do funcionamento do equipo, información sobre a existencia de problemas de convivencia, etc.

12.Evaluación

A avaliación do programa de alumnado axudante é un aspecto clave para a súa mellora e expansión, e dicir para a calidade do seu funcionamento.

Avaliar, permite tomar mellores decisións e reaxustar aspectos do programa que non estean funcionando axeitadamente.


Ao inicio do curso, na primeira reunión co alumnado axudante, realizarase unha pregunta aberta, para que valoren o clima de convivencia nas aulas do seu nivel de 0 a 10, e abrirase un debate para expresar as súas opinións.

Na primeira reunión de titores co departamento de orientación se solicitará que resuman o clima da súa aula. Unha vez recollidos tódolos datos, na seguinte reunión de convivencia falaremos sobre eles. Estes datos servirán de punto de partida do plan de acción a realizar durante o curso.

Posteriormente cada trimestre realizarase unha autoavaliación.

Terminarase cun cuestionario de valoración da formación do alumnado axudante adxunto no anexo 2.

Propoñerase unha actividade lúdica decidida entre todos como gratificación ao esforzo e implicación no proxecto.



13. Bibliografía

- La educación entre pares: Los modelos del alumno ayudante y mediador escolar. Isabel Fernández García. Directora IES Pradolongo de Madrid.
- Educar desde el Conflicto. Guía para la mediación escolar. J.A. Binaburo Iturbide. Beatriz Muños Maya.
- Material para a Mellora da Convivencia Escolar. Educonvives . Xunta de Galicia.
- Programa de Alumnos Ayudantes. Gobierno de Aragón. IES Miguel de Molinos.
- Programa de Alumnado Ayudante. Colegio Vega Sur